



PLAN DE CONVIVENCIA



ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Concepto de convivencia	4
3. Marco normativo	5
4. Contexto socioeducativo	6
5. Principios que sustentan o Plan	8
6. Obxectivos do Plan	13
7. Finalidade do Plan	14
8. Medidas e actuacións para favorecer a convivencia	18
9. Accións prioritarias	22
10. Normas de conduta do centro	26
11. Protocolo de actuación en caso de condutas disruptivas graves, agresións e condutas de acoso	30
12. Recursos	33
13. Temporalización	34
14. Avaliación	34
15. Anexos.....	34
16. Referencias bibliográficas	56



1. INTRODUCCIÓN

A convivencia constitúe un elemento clave para poder aprender e ensinar. A escola é un contexto axeitado para avanzar na aprendizaxe da convivencia, que se inicia na familia. O proceso de desenvolvemento e de cambios sociais que vivimos actualmente e que afectan á infancia e á xuventude, lévannos a seguir formulando actuacións de mellora da convivencia no noso centro que favorezan a comunicación e as relacións interpersoais.

Entre as competencias básicas que debe contribuír a desenvolver a escola ten especial relevancia a competencia social e cidadá; aprender a convivir na sociedade forma parte das habilidades básicas do ser humano e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais, que perseguen que as sociedades sexan máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas.

A educación na convivencia é á vez un obxectivo básico da educación e un elemento imprescindible para o éxito dos procesos educativos. Aprender a respectar, a ter actitudes positivas, a aceptar e asumir os procesos democráticos, debe ser unha prioridade para toda a comunidade escolar xa que prepara ao alumnado para levar unha vida social adulta satisfactoria, autónoma e para que poida desenvolver as súas capacidades como ser social.

O Plan de Convivencia do CEIP Plurilingüe de Outes nace coa finalidade de tomar conciencia da existencia dos conflitos no noso centro e da necesidade de afrontalos de modo tolerante e non violento, poñendo en práctica accións que impulsen a adquisición de competencias e habilidades sociais que favorezan a súa resolución pacífica, fomenten o respecto entre todos os membros da comunidade educativa e contribúan á creación de hábitos máis democráticos; redundando na mellora do clima escolar. Trátase, en definitiva, dun proxecto de carácter preventivo- construtivo. Antes ca corrección ou a sanción ante comportamentos contrarios a unha boa convivencia, propoñémonos poñer as condicións e facilitar as pautas que favorezan as relacións positivas entre todos/as. Recoñecemos o valor do coñecemento na aprendizaxe da convivencia pero sabemos que nas relacións inflúen de xeito decisivo as nosas emocións e actitudes, así como as nosas crenzas e a propia forma de ser. É por iso que temos en conta os distintos ámbitos da persoa para unha educación integral.



2. CONCEPTO DE CONVIVENCIA

Convivir é vivir en compañía doutros/as; polo tanto enténdese por convivencia a relación entre todas as persoas que compoñen unha comunidade. Unha boa convivencia esixe respecto mutuo, aceptación e cumprimento de normas comúns, doutras opinións e estilos de vida, respecto á diversidade, e de resolución pacífica de tensións e conflitos.

Convivir é algo máis que coexistir ou tolerar

A convivencia supón atender a dous elementos esenciais do labor educativo: considerar a parte intelectual e formativa do currículo, e crear un ambiente psicolóxico, social e moral propicio para o desenvolvemento dese labor educativo; esa dobre perspectiva supón falar de emocións, dereitos humanos, xestión de conflitos, cumprimento de normas (dereitos e deberes), relación familia e escola, xestión de aula e de centro, participación e adecuación das respostas educativas ao alumnado. Falar de convivencia é, en definitiva, falar de entenderse e respectar; convivir é un proceso que se ensina e se aprende fundamentalmente convivindo.

Os Centros Educativos como comunidades de convivencia e lugares de aprendizaxe da convivencia hanse ocupar do fomento dunha cultura de paz, na que participen todos os seus membros. Para isto deben fomentar os valores democráticos, a solidariedade, a tolerancia, o respecto mutuo, o compromiso, a interculturalidade e os dereitos humanos, desenvolvendo a formación integral do ser humano.

Torrego & Fernández (2006) definen o modelo de tratamento da convivencia como "un conxunto integrado de formulacións de índole educativa, que tratan de argumentar e de xustificar unha serie de comportamentos e de actuacións concretas que se adoptan normalmente dende unha perspectiva de centro, para previr e facer fronte aos problemas de disciplina".

No noso centro apostamos por un modelo integrado de xestión democrática da convivencia relacional que, seguindo a Torrego & Fernández (2006), caracterízase por:

- A resolución do conflito a través do diálogo entre as partes. Para iso haberá que ter en conta:
 - Reparación. A vítima recibirá unha reparación directa material e/ou moral.
 - Reconciliación. Co propósito de mellorar a relación entre as partes, a vítima recibe unha reparación e o agresor libera a súa culpa ao sentirse perdoado. O diálogo é unha ferramenta básica neste modelo.



- Resolución. Formula un diálogo sincero para que os conflitos subxacentes (conflitos de intereses, necesidades, valores ou relación) poidan ser escoitados e, polo tanto, atendidos e resoltos a través do acordo.
- Preténdese resolver o conflito transcendendo o acto privado. Por esta razón, este modelo legalizarase dende unha perspectiva de centro, quedando recollido tanto nos documentos que enmarcan todas as accións do centro (PE) como nos relacionados coa regulación da convivencia (NOF).
- Un sistema de normas (de centro, aula ...) elaboradas participativamente de xeito que poidan ser interpretadas polos seus usuarios como un pacto de convivencia.
- Funcionamento no centro de estruturas que potencian o diálogo.
- Precísase "un marco protector do conflito", que supón un traballo educativo sobre algúns elementos que afectan aos comportamentos antisociais e aos conflitos de disciplina: introducir cambios no currículo escolar facéndoo máis inclusivo e democrático, favorecer a colaboración das familias co centro educativo, tomar medidas que afronten a influencia do contexto social próximo do alumnado, revisar o clima e as interaccións da aula (interacción verbal e non verbal, discurso docente, estilo motivacional e reacción inmediata á disrupción) e deseñar e desenvolver medidas organizativas directamente relacionadas coa mellora da convivencia.

3. MARCO NORMATIVO

Á hora de abordar o tratamento da convivencia, é imprescindible coñecer o contexto normativo que enmarca e guía as actuacións a desenvolver.

- Constitución Española
- LOMCE: LEI Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, de Educación
- LOE: LEI Orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de Educación (BOE 4 de Maio de 2006).
- Lei 27/2005, de 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz (BOE, 01-12-2005)
- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (BOE, 02-06-95)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG, 15-07-11)



- Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

4. CONTEXTO SOCIOEDUCATIVO

4.1. Descrición do centro

O CEIP Plurilingüe de Outes é un centro de ensino público de Educación Infantil e Primaria, que dispón de tres edificios: un para Educación Primaria e Educación Infantil, outro ao que chamamos autónoma, o edificio de administración e o ximnasio.

O edificio de Educación Infantil e Primaria está distribuído en dúas plantas. Na planta baixa hai seis aulas de educación infantil, unha aula de AL, unha titoría de educación infantil e primaria, a biblioteca, a cociña e os seus anexos, un comedor e seis aseos para nenos/as e mestres/as. Na primeira planta alta hai once aulas de educación primaria, unha aula de PT, a ludoteca, unha aula de psicomotricidade, unha aula de audiovisuais, dúas aulas de educación en valores, unha dependencia do EDLG, un almacén con material didáctico que serve tamén para arquivo de libros de texto e guías didácticas doutros anos e catro aseos para nenos/as e mestres/as.

O edificio da autónoma tamén está distribuído en dúas plantas. Na planta baixa hai dúas aulas de idioma estranxeiro (inglés), unha aula de música, unha aula de plástica, dous aseos e unha sala de caldeiras. Na primeira planta hai unha dependencia asignada á ANPA para funcións administrativas, catro aulas, (das cales dúas están destinadas ao servizo de conciliación “Tardes divertidas” do concello de Outes e as outras dúas están destinadas para actividades extraescolares da ANPA) e dous aseos.

No edificio de administración están a dirección, a xefatura de estudos, a secretaría, o departamento de orientación, a aula de informática, a sala do profesorado, a conserxería, o almacén, dous aseos para o profesorado e un arquivo anexo á conserxería.



O ximnasio dispón de dous vestiarios, dous aseos para o alumnado, un aseo para o profesorado, unha sala de caldeiras, unha cancha e dúas salas para material.

Hai tres patios, un deles está pechado con arame para o alumnado de primaria e un patio separado cun valado para o alumnado de infantil.

Cando chove o alumnado de infantil queda dentro do edificio nos corredores da planta baixa e os de 1º e 2º nos corredores da primeira planta.

O resto de alumnado de primaria pode ir para a ludoteca, para a biblioteca ou para o patio cuberto.

4.2. Características e número de alumnado que escolariza o centro

O CEIP Plurilingüe de Outes ten, no presente curso 2018-19, 265 (84 de E. Infantil e 181 de E. Primaria) nenos/as, con 2 liñas por nivel¹, distribuídos do seguinte xeito:

Educación Infantil.....	84
Primeiro nivel Educación primaria.....	33
Segundo nivel Educación primaria.....	20
Terceiro nivel Educación Primaria.....	31
Cuarto nivel Educación primaria	30
Quinto nivel Educación Primaria	38
Sexto nivel Educación Primaria	29

O persoal do centro está conformado por 27 mestras/es, 1 coidadora, 1 conserxe e 1 conserxe limpadora.

O alumnado de orixe autóctona pertence a niveis socioeconómicos variados, que van dende a clase baixa á media baixa. Nos últimos anos estase a incrementar un pouco o alumnado procedente da inmigración, sobre todo de Brasil e de Uruguai. O nivel económico da maioría é medio baixo, presentando unha parte do mesmo dificultades derivadas do descoñecemento das linguas oficiais na nosa comunidade.

A maioría do alumnado utiliza o transporte escolar; en tanto o resto acode ao centro camiñando ou no coche familiar.

O centro coopera coa ANPA, que realiza en coordinación co Concello actividades fóra do horario lectivo. O centro coordínase igualmente cos diferentes Servizos Municipais.

¹ Agás no caso de 2º de Educación Primaria, que ten 1 grupo.



4.3. Situación e características

O CEIP Plurilingüe de Outes atópase situado á beira do Río Tines, na capital do Concello, na rúa Praza de Galicia. Acoden ao Centro nenos/as da Serra e das parroquias de San Tirso de Cando, Santa María de Entíns, San Xoán de Sabardes, San Lourenzo de Matasueiro, San Pedro de Outes, San Xoán de Roo, San Cosme de Outeiro, Santo Ourente de Entíns, San Xián de Tarás e San Miguel de Valadares, así como dos lugares de Couso (Negreira) e Fontemourente (Mazaricos).

O centro adscríbese ao IES Poeta Añón situado tamén na Serra de Outes.

O Concello de Outes radica no fondo da Ría de Muros e Noia e ten unha extensión duns 100 Km², agrupando dez parroquias.

4.4. Poboación de Outes

O concello de Outes ten unha poboación de 6.514 habitantes que tende a concentrarse no litoral, nos núcleos próximos á costa, sendo os da Serra con arredor de 2.400 habitantes, O Freixo cuns 1.500 e Roo con preto de 1.000 os máis poboados.

O desenvolvemento económico do concello baséase na agricultura, gandería, pesca e marisqueo, así como no comercio e na industria madeireira. O nivel de actividade económica da contorna pódese considerar medio-baixo. Constatándose un progresivo aumento do sector servizos e da construción, fronte á diminución do sector primario e con elevados índices de desemprego xuvenil.

O reparto da actividade económica na zona de influencia do Centro é aproximadamente como segue:

- Agricultura e gandería10,65%
- Industria (fundamentalmente madeireira)13,9%
- Construción20,30%
- Pesca e marisqueo23%
- Servizos32%

5. PRINCIPIOS QUE SUSTENTAN O PLAN

O noso Plan de Convivencia susténtase nun conxunto de valores asumidos por todos os membros da comunidade educativa que se converten en principios reitores do modelo propio de xestión da convivencia no centro. Estes valores orientan a práctica, constitúen o punto de



referencia para valorar e guiar os comportamentos cotiáns, facilitan a construción dun compromiso compartido entre os membros da comunidade educativa e argumentan e xustifican as actuacións disciplinarias ou de promoción da convivencia que se adoptan.

Para establecer os principios que sustentan o Plan de Convivencia, o noso centro educativo baséase na Declaración Universal de Dereitos Humanos, nos Estatutos Europeos de Centros Educativos Democráticos sen violencia e nos principios que inspiran as accións de educación para a paz.

5.1. A educación nos dereitos humanos

- No colexio non sufriremos o roubo ou deterioro das nosas pertenzas. Todos os membros da comunidade educativa deben colaborar, cada un no ámbito das súas responsabilidades, garantindo que este principio se faga realidade.
- Todos temos dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.
- Todos temos dereito á liberdade de opinión e de expresión, sen máis limitacións que o respecto aos demais.
- Os membros da comunidade educativa temos dereito a participar no goberno do colexio a través do Claustro e o Consello Escolar. O equipo directivo tomará as medidas necesarias para facilitar e facer efectivo o exercicio dese dereito.
- Todos traballaremos e xuntaremos esforzos para garantir unha educación que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade e ao fortalecemento do respecto aos nosos dereitos e liberdades, á comprensión, á tolerancia e a amizade entre todos nós e ao mantemento da paz no centro educativo.
- Todos/as temos dereito a participar na vida cultural do colexio, achegando a nosa contribución á mesma.
- O límite dos nosos dereitos está nas nosas obrigas con nós mesmos e co resto dos membros da comunidade educativa.
- Deberemos cumprir os nosos deberes respecto á comunidade escolar. O exercicio dos dereitos e o goce das liberdades estarán suxeitos ás limitacións recollidas nas normas establecidas para asegurar o recoñecemento e o respecto dos dereitos e liberdades dos demais e satisfacer as xustas esixencias da moral, da orde pública e do benestar xeral na nosa escola.

5.2. Aproximación á educación para a paz



Tal como afirma Torrego Seijo (2003), "a paz é algo procesual e activo, polo tanto, é o resultado de atender os conflitos axeitadamente. Sería, polo tanto, o que queda cando estes se resolven con xustiza. Supón traballar pola xustiza dun xeito non violento como estratexia de resolución de conflitos e polo tanto, esixe unha intervención que coide a reparación, reconciliación e resolución".

No noso centro temos o convencemento de que os valores que guían o traballo para a mellora da convivencia promoven e potencian a cultura da paz. Tomando como referente a definición da cultura da paz das Nacións Unidas (1998, Resolución A/52/13), consideramos que as iniciativas e propostas do noso plan deben recoller:

Unha visión positiva do conflito

Os conflitos forman parte das nosas relacións cotiás e segundo a forma de asumilos, poden xerar novos camiños de entendemento e de desenvolvemento persoal e social ou, pola contra, novos problemas e danar as persoas relacionadas ou implicadas directa ou indirectamente nel. Trátase entón de adoptar unha visión positiva do conflito e aproveitar o seu valor educativo, ofrecendo ferramentas e pautas de actuación e contribuíndo ao desenvolvemento de habilidades e estratexias que axuden aos membros da comunidade educativa a afrontalo e atopar formas positivas de resolvelo a través da comunicación, a negociación e o diálogo, sen deixar que desemboque en situacións de violencia ou malestar que danan ás persoas.

Considerar o conflito como un proceso

O conflito é un proceso que ten a súa orixe nas necesidades e intereses das persoas que non son satisfeitos ao chocar cos doutras, ou non conseguir unhas relacións cooperativas ou sinérxicas que as satisfagan, xurdindo así o problema. Os problemas que se presentan na vida diaria e non se afrontan e resolven conducen a situacións de crise ou confrontación que adoitan ter unha manifestación violenta, sendo esta a que frecuentemente se identifica como conflito.

Identificar crise con conflito condúcenos ás seguintes situacións:

- Fai que pospoñamos a este momento a abordaxe do conflito, o que dificulta a súa resolución.
- Implica que non se consideran as situacións de conflito que non xeran violencia.
- Pode levarnos a caer no erro de tratar só as consecuencias, non explorando as causas.



- O proceso de resolución do conflito pode quedar reducido a unha acción concreta e puntual.

A disciplina positiva.

O axeitado desenvolvemento do proceso educativo precisa da disciplina positiva, que se fundamenta en normas consensuadas e claras elaboradas conxuntamente, que potencien a autonomía, a responsabilidade e a capacidade de cambio e mellora dos membros da comunidade educativa.

A participación

A existencia de canles de participación real de todos os estamentos do centro e en especial do alumnado, potencia o sentimento de pertenza e mellora o clima e a convivencia escolar.

O cultivo dos valores

"Educar para a paz supón cultivar no alumnado valores como a xustiza, a cooperación, a solidariedade, o desenvolvemento da autonomía persoal e a toma de decisións, etc., cuestionando ao mesmo tempo os valores antitéticos á cultura da paz, como son a discriminación, a intolerancia, o etnocentrismo, a obediencia cega, a indiferenza, a insolidariedade, o conformismo, etc." (MEC, 1992).

Para convivir de forma positiva é necesario que o/a alumno/a desenvolva un sistema de valores que sustentarán as accións, decisións e opcións da súa vida. Dende a escola contribuiremos á súa formación traballando a educación en valores.

Aprender a vivir cos demais

"A educación da paz hai que concibila como un proceso de desenvolvemento da personalidade, continuo e permanente, inspirado nunha forma positiva de aprender a vivir de maneira non violenta consigo mesmo e cos demais, e na creación de ámbitos de xustiza, de respecto e de harmonía" (González Lucini, 1993).

Facilitar experiencias e vivencias

"Educar para a paz esixe facilitar ao alumnado a experiencia e vivencia da paz no ámbito escolar. Para iso débense potenciar unhas relacións de paz entre todos/as quen forman a comunidade educativa. A organización democrática da aula, segundo a capacidade



do alumnado, e a participación destes no proceso escolar, facilitan a resolución non violenta dos conflitos; debe propiciarse un clima que xere actitudes de confianza, seguridade e apoio mutuo, de igualdade, xustiza, solidariedade e liberdade". (González Lucini, 1993).

A aprendizaxe da cultura da paz esixe vivir conforme aos principios que queremos que o/a alumno/a interiorice. Sabemos que a convivencia depende en boa medida da existencia dun ámbito favorecedor e pretendemos que o noso colexio sexa un lugar no que vivamos e traballemos xuntos, avanzando no desenvolvemento e afianzamento das relacións positivas.

Educación pro social e para a convivencia

A educación para a paz nun sentido amplo, debe facerse dende:

- O desenvolvemento da afectividade, sensibilidade, apoio, autoestima, estimulación dende a contorna, motivación de logro, maior grao de empatía e de interese polos demais.
- A convivencia con normas, límites, patróns, valores e control de impulsos.
- A educación nos ideais.
- A formación na apreciación do distinto, construíndo a propia identidade en interacción coa contorna sen excluír aos que non son coma nós.
- A educación na reflexión, na utilización da palabra e o diálogo como forma de resolver os problemas, preguntando e preguntándose sen impoñer o criterio propio.
- A educación na comprensión empática, o razoamento, a atención, a confianza e a tolerancia.
- A educación para ser dúctiles, ter capacidade de autocrítica e saber perdoar.
- Non ter reparos en mostrar os sentimentos, en admitir os problemas, o sufrimento, as frustracións e as limitacións propias; utilizar o pensamento alternativo e ser sinceros cun mesmo e cos demais.
- Aprender a sorrir, a desenvolver o sentido do humor, a estar disposto para axudar, a coidar as amizades, a ser amables, altruístas e solidarios.
- Non ter medo á liberdade, confiar en nós mesmos, asumir a responsabilidade aprendendo a aceptar as consecuencias dos nosos actos ou inhibicións, tomar conciencia do que é bo e do que é inaceptable, buscando un equilibrio entre a esixencia de dereitos e de deberes.



5.3. Estatutos europeos para os centros educativos democráticos sen violencia.

En resposta á iniciativa do Consello de Europa, xoves de diferentes países europeos elaboraron os Estatutos Europeos para os Centros Educativos Democráticos sen Violencia, baseados nos valores e principios fundamentais compartidos por todos/as os/as europeos/as, en concreto aqueles incluídos na Convención do Consello de Europa para a Protección dos Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais.

Para o noso centro educativo estes principios, que se recollen a continuación, son un modelo para promover a consecución dunha educación democrática sen violencia.

- Cada individuo ten a responsabilidade de contribuír á creación dun ambiente positivo que favoreza a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal.
- Todos/as teñen dereito a ser tratados e respectados por igual con independencia das súas características persoais (sexo, raza, relixión, etc.). Todos/as gozan de liberdade de expresión sen risco de discriminación ou represión.
- A comunidade educativa garante que todos os seus membros coñecen os seus dereitos e responsabilidades.
- Cada centro educativo democrático posúe un órgano de toma de decisións, o Consello Escolar, elixido democraticamente e composto por representantes do profesorado, os pais e nais e outros membros da comunidade educativa, segundo proceda. Todos os membros deste órgano teñen o dereito de voto, agás a secretaria que ten voz pero non voto.
- Nun centro educativo democrático, os conflitos son resoltos en estreita colaboración con todos os membros da comunidade educativa, dun xeito construtivo e sen violencia.
- Todo caso de violencia é investigado e tratado coa maior prontitude posible e é examinado en profundidade, xa sexa o alumnado ou outros membros da comunidade educativa os implicados.
- O centro educativo forma parte da comunidade local. A cooperación e o intercambio de información con outras entidades locais son esenciais para a prevención e a resolución dos problemas.

6. OBXECTIVOS DO PLAN

Os obxectivos que tratamos de conseguir, en relación cos docentes, alumnado e familias, son os que de seguido se formulan:



Docentes

- Fomentar a formación de profesorado e doutros membros da Comunidade escolar.
- Establecer procedementos que posibiliten a resolución de conflitos.
- Dotarnos de ferramentas para a detección, abordaxe e resolución de conflitos de convivencia.
- Clarificar as vías de actuación que permitan resolver, derivar ou notificar posibles situacións conflitivas e/ou de risco que se detecten.

Alumnado

- Sensibilizalo sobre o seu papel no recoñecemento, evitación e control de conflitos.
- Desenvolver habilidades persoais de autoprotección.

Familias

- Sensibilizalas sobre a importancia de previr condutas violentas.
- Dotalas de ferramentas para detectar a implicación dos seus fillos/as en conflitos e ofrecerlles pautas de actuación.
- Favorecer a reflexión sobre a importancia do estilo de interacción familiar.
- Difundir os recursos existentes na contorna.

Normativa

- Diseñar e dar a coñecer as normas xerais de convivencia do Centro e as pautas sancionadoras aplicables, valorando as consecuencias positivas e negativas.

7. FINALIDADE DO PLAN

A prioridade fundamental consistirá en actuar de xeito preventivo e polo tanto, abordar e anticiparse aos conflitos. Mellorar a cohesión e as relacións entre o alumnado, o profesorado e as familias. Para isto baseámonos na nova Lei de convivencia e participación da comunidade educativa, nos artigos que definen os dereitos e deberes de cada cal.

Artigo 6. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:



- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
 - b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
 - c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
 - d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
 - e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.
2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:
- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
 - b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
 - c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
 - d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Artigo 7. Dereitos e deberes do alumnado

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:
- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
 - b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
 - c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.



d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Artigo 8. Dereitos e deberes do profesorado.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.



d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son deberes do profesorado:

a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Artigo 9. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:




- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

8. MEDIDAS E ACTUACIÓNS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

A aprendizaxe da convivencia ten múltiples dimensións, que abordamos en catro bloques:





PAT Plan de atención á diversidade	cumprimento das normas Titorías Asemblea de aula Aula de convivencia	espazo educativo Campañas para un desenvolvemento ecolóxico sustentable	Plan EDLG Plan TIC Proxecto lingüístico
---	---	--	---

8.1. Coidamos as persoas

Co Plan de Acollida tentamos crear un clima escolar onde todos e todas se sintan acollidos/as, considerados/as e seguros/as.

Co Plan de Acción Titorial aténdese a cada alumno e alumna especialmente no seu comportamento escolar, nas relacións cos demais e na súa aprendizaxe. Tamén se crean canles para que manifesten os seus estados de ánimo ou calquera problema que lles poida xurdir.

Desenvolvemos as competencias sociais do alumnado nas sesións de titoría a través de reflexións, debates, xogos e outras actividades, propoñéndonos:

- Que todos e todas utilicemos as fórmulas que contribúen a unhas relacións máis amables: saudar, agradecer, desculparse, despedirse...
- Adquirir as competencias persoais, especialmente a autoestima, e sociais: asertividade, escoita activa, empatía, así como a autorregulación emocional e a resolución de problemas persoais mediante o razoamento.

Co Plan de Atención á Diversidade abordamos a situación de cada alumno e alumna. A igualdade na diferenza e a riqueza da diversidade trabállase na titoría desde os primeiros cursos, tratando de asumir que “todos e todas somos diferentes pero igualmente importantes”.

8.2. Coidamos as relacións

Saber establecer e desenvolver relacións sans e positivas é fundamental na aprendizaxe da convivencia. Presentamos temas básicos na aprendizaxe da convivencia: o recoñecemento de límites, a vinculación da autonomía persoal e a responsabilidade co grupo, a acción reparadora esixible tras o incumprimento dunha norma acordada.



Nas titorías, ao comezo de curso, explícanse, analízanse e recóllense propostas sobre as normas de aula, de centro e de patio, para que sexan entendidas e asumidas por todos e todas. Tamén se consensúa a reparación no caso de incumprimento das mesmas.

Todas as normas se formulan seguindo cinco criterios: poucas, claras, avaliáveis, redactadas en positivo e en primeira persoa de plural (que expresa implicación persoal). É fundamental a colaboración coas familias para que estas aprendan a establecer, formular e esixir o cumprimento das normas cos mesmos criterios.

Asemblea de aula

A asemblea é o espazo para a xestión da convivencia e da aula, e a canle fundamental de participación e toma de decisións do alumnado no centro. Nela trátanse todo tipo de temas relacionados coa convivencia, o traballo escolar e a vida do centro en xeral. Ademais de constituír unha actividade fundamental para regular e mellorar a convivencia na aula, facilita a adquisición de valores como o respecto, diálogo, democracia, xustiza, igualdade, tolerancia, que se traballan nela de forma vivenciada.

As aulas disporán dun mural ou dunha urna de suxestións² (como cada titoría crea máis oportuno), onde o alumnado poderá anotar observacións sobre os feitos máis destacados que acontezan. Estas anotacións serán tratadas nas asembleas quincenais, comentándose todo o sucedido, os avances, as dificultades... Esta análise facilitará a implicación e a reflexión dos alumnos, á vez que será punto de partida para unha avaliación quincenal de como vai a dinámica.

Entre as súas funcións das asembleas, podemos destacar as seguintes:

- Organización da vida da aula.
- Coñecemento e resolución de conflitos.
- Servir de foro de expresión do alumnado: dificultades, situacións, que viven como dolorosas ou insatisfactorias, necesidades, propostas, suxestións, queixas, etc.
- Coñecemento das relacións que se establecen entre o alumnado con outros membros da comunidade educativa, e os problemas que poidan xurdir nas mesmas.
- O tratamento de temas da clase promove a colaboración, a amizade e a confianza e contribúe a cohesionar o grupo.

² Poden igualmente utilizarse dous sobres de cartolina: un para recoller aportacións do tipo "Estou agradecido a/por ..." e outro para as que comezan por "Protesto por"



- A aprendizaxe da habilidade do diálogo que implica expresar a propia opinión e escoitar a dos demais de forma respectuosa.
- A aprendizaxe dos mecanismos de participación democrática e a realización de acordos, pactos e votacións.
- O control do alumnado disruptivos/as ou que xeran problemas no grupo.
- A prevención de situacións de acoso, maltrato...
- A axuda a alumnos con dificultades de relación.
- Realizar as normas de aula e levar a cabo o seu seguimento para asegurar o seu cumprimento e analizar a súa utilidade ou a necesidade de novas normas, para estudar a súa modificación.
- Formular propostas que transcenden o seu poder de decisión como grupo.

O bo funcionamento da asemblea de aula como procedemento regulador da convivencia no centro require:

- Aínda que o formato e os seus obxectivos cambiarán substancialmente duns cursos a outros, realizaranse en todos os niveis do colexio con periodicidade quincenal de forma que constituía unha actividade habitual do grupo.
- Organizar o espazo de xeito distinto ao habitual para marcar o carácter propio e diferenciado, o "especial" desta actividade dentro do día a día da aula, nunha disposición que todos poidan verse e favoreza o diálogo e intercambio.

En relación á actuación do profesor/a:

- Debe deixar que o alumnado sexa o protagonista da asemblea, reducindo a súa intervención ao mínimo que sexa necesario, conforme á idade e grao de autonomía dos nenos/as.
- Manterá unha actitude de respecto cara ás opinións do alumnado, coidando a formulación de xuízos de valor e sendo prudente nas súas intervencións para que os nenos/as poidan chegar a debater libremente e deixar que cheguen ás súas propias conclusións e propostas. Deste modo, aumentará a confianza do alumnado e favorecerá a súa expresión libre e sincera.
- Intervirá co obxecto de favorecer a eficacia da asemblea como moderador, para centrar o tema de discusión ou evitar desviacións deste, estimular a participación de



todo o alumnado, resumir ou sintetizar diversas posturas sobre un tema..., axudando a facer as asembleas do xeito máis correcto e eficaz posible.

- Seguindo as formulacións de Trilla (1992), cando se discuten valores morais con rango de universalidade (respecto, xustiza, democracia, tolerancia, liberdade, honestidade, etc.) debe adoptarse sempre unha postura favorable a estes, de forma clara e contundente. No mesmo sentido, a postura do profesor será claramente "belixerante" cando a discusión se centre en contravalores (inxustiza, desigualdade, insolidariedade, intolerancia, etc.)

Aula de convivencia

Cando o comportamento do alumno/a impide que as clases se desenvolvan con normalidade e aproveitamento, se descontrola e insulta e/ou agrede aos demais, manter esa situación na clase é contraproducente. Deberá abandonar a clase, permanecendo a cargo do profesor que teña asignada a tarefa de atención á aula de convivencia nese momento³. Esta actuación debe ir acompañada dun parte de incidencias que cubrirá o profesor/a que nese momento estaba co alumno/a.

8.3 Coidamos a contorna

Ao considerar o patio escolar como un espazo educativo, propiciamos que o alumnado coñeza e practique xogos diferentes (a corda, a goma, as bolas, a mariola...), aprenda a respectar as normas dos xogos, se fomente o compañeirismo, se mellore a convivencia no tempo de lecer... Para iso distribuíuse o patio en zonas para xogar e facer deporte.

Preténdese educar na responsabilidade a todos e todas no coidado do espazo escolar: aulas, corredores, manter o patio limpo facendo uso das papeleiras...

Tamén nos preocupa a educación para un desenvolvemento ecolóxico sustentable: utilización axeitada do papel, da auga, da electricidade... así como a recollida selectiva de residuos para a súa posterior reciclaxe; é por iso que desenvolvemos campañas que contribúan a acadar este obxectivo.

8.4. Melloramos as aprendizaxes curriculares

³ O centro deberá determinar cada curso, en función das súas dispoñibilidades, o horario no que é viable o funcionamento desta aula.



A través dos distintos Plans e Proxectos que levamos a cabo no Centro: Plan lector, Plan de Dinamización da Lingua, Proxecto TICS..., pretendemos contribuír a formar ao alumnado en todos os aspectos e áreas do currículo.

9. ACCIÓNS PRIORITARIAS

As accións propostas neste Plan para dar resposta ás necesidades detectadas, baseadas fundamentalmente na comunicación e na cooperación e centradas nos ámbitos da Prevención e da Intervención, van ser as seguintes:

Observatorio de Convivencia do centro. (Decreto 85/2007 do 12 de Abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar).

As súas funcións, son:

- Participación na dinamización do Plan de Convivencia do centro e na mediación escolar.
- Elaboración dun informe anual de análise da convivencia e conflictividade no centro, así como sobre as iniciativas tomadas, que será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.
- Coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia.
- Propoñerlle a Administración educativa as medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

- **Equipo de Dinamización da Convivencia Escolar**
- **Favorecer a formación do profesorado** do centro en temas de convivencia e educación en valores, a través de Proxectos de Formación, Seminarios Permanentes, Grupos de Traballo...
- **Manter e potenciar un clima de centro e de clase positivo**

A convivencia pacífica non é aquela na que non existen conflitos, senón aquela na que os conflitos se resolven de maneira non violenta. Unha convivencia baseada en principios democráticos, de respecto e tolerancia, por riba de crenzas e valores



persoais, permite que no centro se xere un clima escolar positivo que posibilita o desenvolvemento das capacidades de todos os membros da comunidade educativa.

É importante considerar os seguintes aspectos:

- ✓ Participación do alumnado na elaboración das normas da propia aula e do centro, respectando os dereitos e deberes establecidos no NOF. As sesións de tutoría poden ser un instrumento eficaz de participación.

A participación na elaboración e revisión do cumprimento das normas que regulan a convivencia escolar, o respecto aos dereitos fundamentais, a tolerancia ante a diversidade, a imposición de límites á violencia e o fin da impunidade ante a mesma van contribuír á mellora da convivencia escolar.

A xestión democrática das normas facilita que a disposición e motivación para cumprilas sexa maior; non obstante existen normas de convivencia que velan polo respecto aos dereitos e liberdades fundamentais de todas as persoas, de obrigado cumprimento por toda a comunidade educativa.

- ✓ Coñecemento exhaustivo das normas do centro así como as consecuencias polo seu incumprimento.
- ✓ Fomento das boas relacións interpersoais nas aulas, dende o respecto ás diferenzas e ás distintas capacidades ou limitacións.
- ✓ Busca de espazos e tempos para a convivencia entre o profesorado, que permitan establecer vínculos de compañeirismo, diálogo, cooperación... primando as relacións informais (compartir o café, conversas na sala de profesorado, participación nas reunións para xantar e outras celebracións...)
- ✓ Busca de espazos e tempos para a convivencia entre o alumnado, especialmente mediante as actividades complementarias e extraescolares, recreos...

- **Potenciar a Acción Titorial:**

- Asumir o compromiso de exercer a tutoría individual e de grupo, dentro da función docente, dirixida a todo o alumnado, partindo do respecto á individualidade e ao ritmo de cada un e principalmente para atender ao alumnado con necesidades educativas específicas, dentro do marco xeral do obxectivo de desenvolvemento integral de todas as capacidades do alumno/a, tanto as cognitivas como as físicas, emocionais, morais e de relación cos demais.



- Contemplar, na organización do centro, o establecemento de sesións de tutoría que posibiliten a educación en afectos e o desenvolvemento de Programas de Educación en Valores, de Habilidades Sociais, de Intelixencia Emocional, de Mellora do Autoconceito e Autoestima, de Resolución de Conflitos...
- Potenciar a figura do/a titor/a como mediador/a das relacións alumno-alumno, alumno-profesor/a, centro-familia...
- Promover unha maior coordinación titor/a-equipo docente, titor/a-profesor/a de apoio, titor/a-orientador/a-equipo directivo.

- **Utilizar unha metodoloxía participativa e o traballo cooperativo.**

Unha fórmula que mellora a motivación cara á aprendizaxe e que indirectamente favorece a convivencia na aula é dar participación ao alumnado na elección das tarefas que se van realizar, así como da metodoloxía que se vai utilizar (traballo con ordenadores, saídas culturais, traballo con películas, debates, etc.).

Cómpre sinalar que a utilización de documentos audiovisuais é moi eficaz para desenvolver a igualdade e previr a violencia, como complemento xunto a outros instrumentos. Entre outras vantaxes está a de que “chegan” ao alumnado que teñen dificultades para atender a outros tipos de información.

O traballo cooperativo facilita a integración e estimula a comunicación e a participación. A maior parte do alumnado que aprende en grupo mellora a súa aprendizaxe, acéptanse, amósanse máis colaboradores, e desenvolven menos prexuízos cara aos demais.

- **Implicación das familias**

A familia está considerada como o principal axente educador e socializador dos nenos/as. Dende a familia pódese ensinar aos/ás fillos/as os valores da democracia, do diálogo, da solución pacífica dos conflitos. Principalmente os fillos/as aprenderán fixándose en como actúan os seus pais/nais, polo que o exemplo adopta aquí unha especial relevancia.

Para fomentar a colaboración entre o centro e as familias é importante:



- ✓ Que o centro ofrezca antes de pedir: apoio, asesoramento, dispoñibilidade de recursos e materiais, de instalacións, facilitar horarios de reunión na medida do posible...
- ✓ Ofrecer aos pais/nais propostas reais de colaboración: visitas culturais, axuda en celebracións (Entroido, Nadal, Fin de Curso...), visitas aos seus centros de traballo, actividades en Educación Infantil...
- ✓ Abrir novas vías de comunicación: caixa de suxestións, páxina web...
- ✓ Nas reunións, tanto grupais como individuais, do titor/a cos pais/nais, débese:
 - Analizar os pasos que hai que dar antes, durante e despois das reunións e programar o contido das mesmas.
 - Pedir aos pais/nais información sobre aspectos relacionados cos seus fillos/as, opinión sobre temas para tratar nas sesións de titoría, etc. (pódese facer a principio de curso cubrindo un pequeno cuestionario).
 - Sensibilizar aos pais/nais sobre a importancia da colaboración co profesorado na educación dos seus fillos/as. Lembrarlles así mesmo que, nalgúns temas, o centro e os diferentes profesionais xa teñen establecidas unhas normas de funcionamento (organización interna, pedagogía, disciplina). A base da colaboración será a confianza e o respecto mutuo.
 - Transmitir aos pais/nais os valores que se van traballar durante o curso para promover que se leve na casa unha mesma liña. Cómpre informar como se pensan traballar e como poden colaborar dende casa.
- ✓ Prestixiar o labor educativo. Dende as familias, valorar o traballo realizado polos docentes; dende o profesorado, transmitir confianza nos pais/nais.

Cando se rompa a convivencia, se incumpran as normas e se faga preciso utilizar medidas correctoras, estas terán carácter recuperador, educador e reparador. Para a súa aplicación terase en conta a situación persoal, social e familiar do alumno/a, así como os eximentes e agravantes de cada caso e respectando sempre a integridade física e a dignidade persoal.

En todo proceso corrector tratarase de promover a comunicación e o diálogo previo coas partes implicadas como parte integrante de dito proceso.



10. NORMAS DE CONDUCTA DO CENTRO

Remitíndonos á Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, tomaremos en consideración os seguintes artigos:

Artigo 12. Incumprimento das normas de convivencia

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

Artigo 13. Responsabilidade e reparación de danos

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Artigo 14. Clases de condutas contrarias á convivencia



1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.

2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

Artigo 15. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.



i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

k) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.

l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

m) O incumprimento das sancións impostas.

Artigo 16. Condutas leves contrarias á convivencia

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

Artigo 17. Prescrición das condutas contrarias á convivencia

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.



2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

Artigo 18. Principios xerais das medidas correctoras

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

11. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASOS DE CONDUCTAS DISRUPTIVAS GRAVES, AGRESIÓNS E CONDUCTAS DE ACOSO

12.1. Condutas disruptivas graves e agresións

Aplicarase o establecido, sen prexuízo de que se efectúe unha intervención sistematizada dirixida a mellorar a forma de conducirse socialmente.



12.2. Acoso

Entendemos por acoso entre iguais un comportamento de abuso continuado que padece un alumno ou alumna por parte de compañeiros/as. A vítima sintese intimidada, excluída e percibe ao agresor como máis forte. Polo tanto, nestas situacións hai alumnado que está exposto de forma repetida e prolongada a accións negativas por parte de compañeiros/as, ben de forma individual ou en grupo, orixinándolle a quen é agredido/a malestar e conflitos persoais. En consecuencia, exclúense desta definición aqueles casos de pelexas ou liortas entre alumnado de idade e forza física e psicolóxica semellantes.

Cando se presente unha situación na que exista a posibilidade de que se estea a producir unha conduta de acoso, seguiremos os seguintes pasos:

Paso 1º: Identificación, comunicación e denuncia da situación. Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso ten a obriga de poñelo en coñecemento dun mestre ou mestra, titor/a, da persoa responsable da orientación ou do Equipo Directivo, segundo os casos. En calquera caso, quen reciba a información sempre a poñerá en coñecemento da Dirección ou dalgunha persoa do equipo directivo.

Paso 2º: Actuacións inmediatas. Despois da comunicación, reunirse o Equipo Directivo, titor ou titora e a persoa responsable de orientación para analizar e valorar a intervención necesaria.

Paso 3º: Medidas de urxencia e recollida de información. Cando se estime necesario, adoptaranse as medidas de urxencia que se requiran para protexer á vítima de abuso/acoso ou evitalo:

- a) Medidas que garantan a inmediata seguridade, así como medidas de apoio e axuda: vixilancia de espazos de risco, solicitar axuda de compañeiros/as, entrevista coa vítima por parte da persoa que ofrezca maior confianza con cautela e de forma confidencial, para obter información dos feitos, transmitirle apoio, etc.
- b) Medidas co alumnado agresor unha vez confirmado o abuso/intimidación: deixar claro que non se vai a permitir e que haberá sanción se é o caso. Tamén servirá para analizar as repercusións na vítima e posibles causas que provocan a súa forma de comportarse. Incluirá, ademais, un ofrecemento de axuda para cambiar (compromiso, contrato ... ou, se é o caso, pedirle que suxira alternativas). Adoptadas as medidas de urxencia, o equipo directivo completará a información sobre o feito das seguintes fontes:



- i. Información existente sobre o alumnado afectado.
- ii. Observación sistemática dos indicadores sinalados: nos espazos comúns, na clase, nas actividades extraescolares e complementarias.
- iii. A dirección solicitaralle ao departamento de Orientación que complete a información en colaboración co titor ou titora. Para isto, efectuarase unha observación do alumnado afectado, contrastando os datos coas opinións de compañeiros e compañeiras, ademais da facilitada polo alumnado afectado e mediante entrevistas coas familias.

Durante o proceso deberán terse en conta os seguintes principios:

- Garantir a protección dos menores.
- Preservar a súa intimidade e a das familias.
- Actuar de forma inmediata.
- Tratar de crear un clima de confianza entre os menores.
- Recoller todo tipo de probas e indicadores. Recollida toda a información, o equipo directivo elaborará un informe cos datos obtidos contrastando a información achegada polas diferentes fontes.

Paso 4º: Traslado á familia. O titor/a e a persoa responsable de orientación, previo coñecemento do equipo directivo, mediante entrevista, poñerá o caso en coñecemento das familias do alumnado implicado, achegando información sobre a situación e sobre as medidas que se estean a adoptar.

Paso 5º: Traslado ao resto dos profesionais que atenden ao alumnado acosado. A dirección informará da situación ao equipo docente implicado. Se se estima oportuno, tamén se lle comunicará ao resto do persoal do centro e a instancias externas.

Paso 6º: Aplicación de medidas disciplinarias. Recollida e contrastada a información, a dirección adoptará co alumno ou alumna que agrede as medidas establecidas a tal efecto no NOF, se é o caso.

Paso 7º: Comunicación á Comisión de Convivencia e Consello Escolar. A dirección trasladará o informe e as medidas adoptadas á Comisión de Convivencia e ao Consello Escolar para o seu coñecemento, de ser o caso.

Paso 8º: Comunicación á Inspección Educativa e á Xefatura Territorial, cando a gravidade do caso así o requira.



Paso 9º: Elaboración dun plan de actuación por parte da Dirección. Será elaborado en colaboración cos servizos da Consellería pertinentes para cada caso concreto, definindo as medidas a aplicar no centro, na aula afectada e as medidas co alumnado en conflito, que garantan o tratamento individualizado tanto da vítima coma de quen agrede e dos “espectadores”. Todo isto, sen prexuízo de que se apliquen as medidas correctoras recollidas no NOF.

Os obxectivos deste plan serían:

- Impedir que continúe o abuso.
- Determinar as responsabilidades do alumnado, das familias e do persoal do centro nas accións previstas.
- Organizar os recursos.
- Temporalizar as medidas.
- Planificar a avaliación do plan.

O plan recollería:

- Actuacións co alumnado acosado: de apoio e protección, derivación e seguemento a servizos sociais, se procede, etc., así como o traballo relativo á adquisición das necesarias habilidades sociais (asertividade ...).

- Actuacións co alumnado agresor: aplicación das medidas establecidas no Plan de Convivencia, programas de modificación de conduta, compromiso, contrato, axuda persoal, derivación e seguimento nos Servizos Sociais, se fose preciso.

- Actuacións con “espectadores”: actividades de sensibilización, programa de habilidades sociais, mediación, etc.

- Actuacións coas familias: orientacións sobre como axudar a fillos e fillas vítimas ou agresores, comunicación sobre o apoio ao proceso educativo, sobre apoios externos, etc.

- Actuacións co profesorado: orientacións sobre o manexo na aula, sobre indicadores de detección e intervención, programas de mediación, etc.

- Seguimento do Plan: establecer tempos de reunións de profesionais implicados, familias, etc.

- A avaliación do Plan: reunións dos profesionais, cuestionarios *ad hoc*, entrevistas, observación dos indicadores utilizados para determinar o acoso/abuso.



- Responsables das diferentes actuacións. A dirección responsabilizarase de que se leven a cabo as medidas previstas informando ao Consello Escolar, á Comisión de Convivencia, ás familias e á Inspección do grao de cumprimento das mesmas e da situación escolar do alumnado.

Paso 10º: Comunicación ás familias, proporcionándolles información confidencial sobre as medidas adoptadas.

12. RECURSOS

Os recursos humanos para levar a cabo o presente Plan serán fundamentalmente todos os profesores e profesoras do centro, xa que as accións que no mesmo se enmarcan son competencia de todo o equipo docente. Non obstante, é imprescindible a colaboración das familias e dos demais sectores da comunidade educativa.

Demandarase a intervención do Equipo de Orientación Específico se fora preciso.

O dinamizador do Plan será o/a Orientador/a do centro, a Comisión de Convivencia e o Observatorio de Convivencia velarán polo bo clima da mesma no centro.

Como recursos materiais utilizaranse xogos, contos, vídeos, programas de intelixencia emocional e de adestramento en habilidades de interacción social, bibliografía que inclúa temas como a disciplina democrática, o traballo en grupo e a cohesión, a mellora da autoestima..., en definitiva aqueles materiais que axuden a educar a convivencia para previr a violencia. O Equipo de Convivencia será o encargado de poñer á disposición dos compañeiros/as o material e recursos audiovisuais máis axeitados neste campo.

13. TEMPORALIZACIÓN

As accións propostas desenvolveranse e serán definidas, nos respectivos Plans Xerais Anuais.

14. AVALIACIÓN

A avaliación constitúe un elemento imprescindible para a mellora do proceso educativo e de cada un dos seus elementos: só dende unha reflexión crítica compartida polos integrantes da comunidade educativa sobre o desenvolvemento das actuacións levadas a cabo poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados e enriquecedores.

Realizarase un seguimento trimestral a través da Comisión de Convivencia, concretando o grao de consecución das accións e realizando as observacións que se estimen oportunas, entre outros, sobre os seguintes aspectos:



- Datos agregados ao longo do curso sobre partes de incidencia por disrupción, alumnos sancionados, actos de indisciplina, agresións físicas, danos materiais, roubos, pelexas, etc.
- Grao de satisfacción da comunidade educativa co desenvolvemento das medidas e actuacións levadas a cabo.
- Valoración trimestral do Equipo de Convivencia sobre as referidas medidas, para aplicar as oportunas correccións.
- Análise da convivencia polo Observatorio da Convivencia Escolar do centro nas súas reunións ordinarias.

15. ANEXOS

ANEXO I

CUESTIONARIO-GUÍA PARA A ANÁLISE DE CONCEPCIÓNS E ACORDOS SOBRE O PLAN

Profesorado

A convivencia non é un fin en si mesmo, senón un medio para garantir a ensinanza e a a aprendizaxe	1	2	3	4
A organización, o estilo de relacionarnos, a metodoloxa, etc. poden crear conflitos e estes non necesariamente se deben a variables persoais	1	2	3	4
Os nosos pensamentos condicionan a nosa forma de sentir e a coherencia entre pensamento, sentimento e acción é fundamental para o benestar individual e colectivo	1	2	3	4
O traballo co alumnado sobre emocións, sentimentos, ideas, etc. incide na convivencia	1	2	3	4
Todo problema de disciplina se soluciona cun bo regulamento	1	2	3	4
Ante os problemas de convivencia é preciso elaborar un sistema de xestiónala	1	2	3	4
A convivencia require normas claras que potencien a autonomía, a responsabilidade e a capacidade de mellora de todos e todas	1	2	3	4
Nun centro no que cada quen sabe que facer, como facelo e o que se espera de cada quen, é máis fácil resolver os conflitos	1	2	3	4
Non é necesario regular os espazos explicitamente xa que non inflúen no desenvolvemento da aprendizaxe	1	2	3	4



A violencia é aprendida e é posible aprender outras formas de interactuar	1	2	3	4
---	---	---	---	---

Unha vez finalizado, elixe e ordena as tres cuestións que consideres fundamentais e trata de reformulalas en positivo, se é o caso:

1ª.: _____

2ª.: _____

3ª.: _____



ANEXO I

CUESTIONARIO-GUÍA PARA A ANÁLISE DE CONCEPCIÓNS E ACORDOS SOBRE O PLAN

Familias

Ás veces estamos perdidos e necesitamos axuda para manexar certos problemas de convivencia na casa	1	2	3	4
É o centro o encargado de ensinar a respectar as normas, comportarse e respectar aos demais	1	2	3	4
Nos problemas entre nenos/as, os adultos sempre debemos quedar ao marxe	1	2	3	4
Hai nenos e nenas sen límites nas súas casas e isto xera problemas cando teñen que convivir e respectar normas	1	2	3	4
As familias e o profesorado compartimos criterios sobre como mellorar a convivencia no centro	1	2	3	4
A convivencia no centro é un tema que ten que solucionar o profesorado	1	2	3	4
O mellor sinal de que todo vai ben no centro é que non se produza ningún tipo de problema de convivencia	1	2	3	4
A convivencia implícanos a todos/as, polo que é necesario abrir vías para definir conxuntamente como funcionar en canto á convivencia	1	2	3	4
No centro deben dedicarse a ensinar e os demais asuntos xa os resolveremos na casa	1	2	3	4
As familias teñen un importante papel no funcionamento correcto da convivencia	1	2	3	4
É algo normal que haxa problemas de convivencia. O que debemos conseguir é que non entorpezan o funcionamento do grupo e aprendamos no proceso de resolución	1	2	3	4

Unha vez finalizado, elixe e ordena as tres cuestións que consideres fundamentais e trata de reformulalas en positivo, se é o caso:

1ª.: _____

2ª.: _____

3ª.: _____

**ANEXO II****CUESTIONARIO SOBRE A CONVIVENCIA NO CENTRO****1. Convivencia no centro**

O clima de traballo e as relacións entre o profesorado	1	2	3	4	5	6	7
As relacións co equipo directivo	1	2	3	4	5	6	7
As relacións do profesorado co alumnado	1	2	3	4	5	6	7
As relacións entre o alumnado	1	2	3	4	5	6	7
As relacións do profesorado coas familias	1	2	3	4	5	6	7
As relacións do centro con outros servizos	1	2	3	4	5	6	7

2. Conflitos que se producen con máis frecuencia

Entre profesorado e equipo directivo	1	2	3	4	5	6	7
Entre profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Entre profesorado e alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Entre profesorado e familias	1	2	3	4	5	6	7
Entre familias	1	2	3	4	5	6	7

3. Os conflitos que se teñen producido con máis frecuencia son

Agresións verbais entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Agresións físicas entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Agresións verbais	1	2	3	4	5	6	7
Intimidación e acoso entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Problemas entre o profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Condutas inadecuadas en clase	1	2	3	4	5	6	7
Indisciplina (malas contestacións, falta de respecto)	1	2	3	4	5	6	7

4. Cales das seguintes actuacións serían útiles para mellorar a convivencia no centro

Reforzar a disciplina no centro	1	2	3	4	5	6	7
Consensuar normas entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Fomentar o traballo cooperativo	1	2	3	4	5	6	7
Unificar os criterios de actuación do profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Máis participación ás familias na xestión do centro	1	2	3	4	5	6	7
Mellorar as relacións entre o profesorado e as familias	1	2	3	4	5	6	7
Mellorar as condicións de traballo do profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Facer grupos de alumnado máis reducidos	1	2	3	4	5	6	7
Mellorar os recursos do centro	1	2	3	4	5	6	7
Formar ao profesorado na resolución de conflitos	1	2	3	4	5	6	7
Formar ás familias na resolución de conflitos	1	2	3	4	5	6	7
Introducir cambios no estilo docente	1	2	3	4	5	6	7

CLAVE: 1=nada; 2=moi pouco; 3=pouco; 4=algo; 5=bastante; 6=moito; 7=moitísimo



ANEXO III

EXEMPLO DE MATERIAL PARA DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA NO CENTRO E CHEGAR A FORMULAR OBXECTIVOS

Individual

	Situación	Causas	Sentimentos	Consecuencias
SENTÍMONOS BEN cando ...				
SENTÍMONOS BEN cando ...				

Pequeno grupo

Sentímonos ben cando ...			
Situacións	Causas	Sentimentos	Consecuencias

Gran grupo

Situacións nas que nos sentimos ben	Propostas para mantelas	Situacións nas que nos sentimos mal	Propostas para melloralas

1. Responder individualmente
2. Poñer en común en pequeno grupo e chegar a acordos
3. Conclusións dos grupos en gran grupo e acordar obxectivos a conseguir en base ás causas que nos están a provocar insatisfacción



ANEXO IV

MODELO DE COMPROMISO

D./D^a _____
pai/nai/titor legal de _____,
alumno/a deste centro, escolarizado no curso _____, grupo _____
e D./D^a _____,
titor/a do alumno/a no centro, comprométense a:

Compromisos que adquire a familia

- Asistencia diaria e puntual do/a alumno/ao centro
- Asistencia ao centro cos materiais necesarios para traballar na clase
- Colaboración para a realización das tarefas propostas para a casa
- Colaboración co centro para modificar a conduta e no seguimento dos cambios que se produzan
- Entrevista semanal/quincenal/mensual co titor/a
- Outros:

Compromisos que adquire o centro

- Control diario e informar inmediatamente á familia
- Seguimentos dos cambios que se produzan e informar á familia
- Aplicación de medidas preventivas para mellorar a súa actitude
- Entrevista coa familia coa periodicidade establecida
- Outros:

En _____, a ____ de _____ de _____.

O Titor/a
Asdo.: _____

A familia
Asdo.: _____

VºBº Xefe/a de estudos/Director/a
Asdo.: _____



ANEXO V

FICHA PARA O CENTRO: control e avaliación do compromiso

DATOS DO CENTRO

Centro: _____ Código: _____

Localidade: _____ Provincia: _____

DATOS DO ALUMNO/A

Nome e apelidos: _____

Curso e grupo: _____ Idade: _____

Antecedentes de conduta :

DATOS RELEVANTES SOBRE A FAMILIA

PERSOA QUE PROPÓN O COMPROMISO

A familia

O titor/a

MOTIVO POLO QUE SE PROPÓN O COMPROMISO



OBXECTIVOS E MEDIDAS DO COMPROMISO

DURACIÓN DO COMPROMISO

PERIODICIDADE DA INFORMACIÓN Á FAMILIA

DATAS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN

ACTUACIÓNS EN CASO DE INCUMPRIMENTO

DATOS SOBRE AVALIACIÓN	Si	Non
Asiste con regularidade e puntualidade: Trae os materiais para traballar Realiza as actividades de clase Mostra unha actitude respectuosa Mostra unha actitude reflexiva e de cooperación Respecta os compromisos		
Outros datos de intrese: Valoración global		

O titor/a
Asdo.: _____

A familia
Asdo.: _____



ANEXO VI
FICHA DE SEGUIMIENTO-REVISIÓN DO COMPROMISO

ANÁLISE DAS CAUSAS DE QUE NON SE PUIDERAN CUMPRIR DETERMINADOS OBXECTIVOS
OBSERVACIÓNS DAS ENTREVISTAS CO ALUMNO/A
OBSERVACIÓNS DAS ENTREVISTAS COAS FAMILIAS
MODIFICACIÓN DO COMPROMISO
RENOVACIÓN DO COMPROMISO
SUBSCRICIÓN DUN NOVO COMPROMISO

O titor/a
Asdo.: _____

A familia
Asdo.: _____

A dirección/Xefatura de estudos

Asdo.: _____



ANEXO VII

VALORACIÓN GLOBAL DO TRABALLO REALIZADO POLO ALUMNO/A

VALORACIÓN GLOBAL DO TRABALLO REALIZADO POLO ALUMNO/A	
MESTRE/A:	_____
Semana do _____ ao _____ de _____	
Semana do _____ ao _____ de _____	
Semana do _____ ao _____ de _____	
Semana do _____ ao _____ de _____	
Semana do _____ ao _____ de _____	
O mestre/a	
Asdo.:	_____



ANEXO VIII

MODELO DE CONTRATO

Eu, _____, comprométome a:

1. Rematar as tarefas que me mande a mestra/e en cada clase.
2. Ensinar as tarefas cada 10 minutos.
3. Se non as fago na clase, rematarei as que se me diga na casa.
4. Sinalarei na "ficha" de rexistro.....

Cando faga isto :

1. A mestra/e escribírame unha nota de felicitación (no caderno/en folla aparte) para levar á casa (diariamente/cada certo número de días).
2. Recibirei puntos que poderei cambiar por:

Os pais comprométense a:

1. Revisar a "ficha" diariamente.
2. Obrigalo a facer os traballos pendentos.
3. Concederlle os reforzos que gañou (diariamente/semanalmente).

O contrato será revisado cada días.

En a de de

Asdo.: O neno/a

Asdo.: A nai/pai

Asdo.: A mestra/e



ANEXO IX

INFORMACIÓN SOBRE POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR

Orixe da información

Mestre/a do grupo	
Outro/a mestre/a	
Titor/a	
Orientador/a	
Persoal non docente	
Agredido/a	
Observador/a	
Familia do/a agredido/a	
Outro pai ou nai	
Servizos médicos	
Asistencia social	
Outros	

Persoa acosada

Nome	
Curso	
Grupo	

Feitos ocorridos

DESCRICIÓN DOS FEITOS	MEDIDAS ADOPTADAS



ANEXO X

INDICADORES ESCOLARES SOBRE POSIBLE ACOSO ESCOLAR

Alumno/a	
Grupo	

CONDUTAS		SEMPRE	ÁS VECES
RELACIÓNS SOCIAIS	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola		
	Cambios nas súas relacións persoais no centro		
	Cambios nas súas relacións persoais fóra do centro		
	Busca acompañarse de persoas adultas		
	Busca estar só/soa no centro		
	Busca estar só/so fóra do centro		
	Abandono de actividades que facía		
ESTADOS DE ÁNIMO	Estado de ansiedade		
	Preocupación		
	Pechamento en si		
	Desconfianza		
	Desinterese		
	Tristeza		
	Nerviosismo repentino		
	Dificultades de comunicación		
	Cambios de humor		
	Molestias físicas (vómitos, dores ...)		
	Diminución da autonomía persoal		
	Inseguridade		
	Negativa a falar sobre a situación		
	Actuacións agresivas		
ACTITUDES NA TAREFA ESCOLAR	Dificultades de concentración nas tarefas		
	Actitude negativa ante as tarefas		
	Diminución na clidade dos seus traballos		
	Actitude pasiva xeral (trata de pasar desapercibido/a)		
	Actitude pasiva en situacións violentas nas que está implicado/a		
	Prefire traballar só/soa		
	Puxéronlle alcumes que non lle gustan		
	Non é elixido/a en actividades de grupo		
	Desaperécelle pertenzas		
	Fai tarefas que non lle corresponden		
	Desinterese por actividades fóra do horario habitual		



ANEXO XI

INDICADORES FAMILIARES SOBRE POSIBLE ACOSO ESCOLAR

Alumno/a	
Grupo	

CONDUTAS		SEMPRE	ÁS VECES
RELACIÓNS SOCIAIS	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola		
	Cambios nas súas relacións persoais no centro		
	Cambios nas súas relacións persoais fóra do centro		
	Busca acompañarse de persoas adultas		
	Busca estar só/soa fóra do centro		
	Comentarios negativos sobre a súa clase ou o centro		
	Abandono de actividades que facía antes sen razón aparente		
	Prefire quedar na casa a saír		
ESTADOS DE ÁNIMO	Estado de ansiedade		
	Preocupación		
	Pechamento en si		
	Desconfianza		
	Desinterese		
	Tristeza		
	Nerviosismo repentino		
	Cambios nas rutinas relacionadas co sono		
	Cambios nas rutinas de alimentación		
	Cambios de humor		
	Molestias físicas (vómitos, dores ...)		
	Diminución da autonomía persoal		
	Inseguridade		
	Actuacións agresivas (malas contestacións, agresividade con irmáns/ás ...)		
	Actitude negativa ante as tarefas		
	Diminución na calidade dos seus traballos		
	Pide máis cartos dos habituais		
	Deixa de recibir chamadas, visitas ... de amigos/as		
	Nerviosismo en momentos de saír de casa		
	Rompe pertenzas, traballos ... sen razón		
Non quere falar das súas relacións			
Desaperécelle pertenzas			
Fai tarefas que non lle corresponden			
Desinterese por actividades que antes lle interesaban			



ANEXO XII

INFORME DE ACOSO ESCOLAR

Presunta vítima

Nome e apelidos	
Curso	
Grupo	

Presunto/as acosadores/as

Nomes e apelidos	
Cursos	
Grupos	

Testemuñas

Alumnso/as (nomes e cursos)	
Mestres/as	
Persoal non docente	
Outras persoas (nomes e relación co centro se é o caso)	



ANEXO XII B

1. Datos do centro

--

2. Orixe da demanda e data

Data: _____
<input type="checkbox"/> Familia <input type="checkbox"/> Alumno/a <input type="checkbox"/> Titor/a
<input type="checkbox"/> Mestre/a <input type="checkbox"/> Orientador/a
Incluir demanda de actuación

3. Profesionais do centro implicados

--

4. Datos de identificación do alumnado implicado

Vítima: Curso----- Idade-----
Agresor: Curso----- Idade-----
Agresor: Curso----- Idade-----
Espectadores: Curso----- Idade-----

5. Recollida de información

<u>5.1. Tipo de agresión</u> Indicar Si/ Non/ AV (ás veces)/MV (moitas veces)		
Física	Agresión ou ataques á propiedade	
Verbal	Insultos, alcumes, malas contestacións, comentarios despectivos ou discriminatorios	
Social	Descalificación, exclusión, illamento	
Indirecto	Inducir a un terceiro a cometer abuso	
<u>5.2. Espazos onde se produce:</u> <input type="checkbox"/> Aula <input type="checkbox"/> Corredores <input type="checkbox"/> Entradas e saídas do centro <input type="checkbox"/> Patio <input type="checkbox"/> Comedor <input type="checkbox"/> Autobús <input type="checkbox"/> Baños <input type="checkbox"/> Fóra do centro <input type="checkbox"/> Outros		

5. Recollida de información

6. Análise para confirmar ou non o acoso



ANEXO XIII AVALIACIÓN DO CLIMA DA AULA: OS SOCIOGRAMAS

O Sociograma

1.- Permite obter datos sobre a estrutura social do grupo e a situación de cada individuo, e achega información sobre as relacións interpersoais:

a) Sobre o grupo:

- Existencia de subgrupos e se son pechados ou non.
- Elementos catalizadores dos grupos.
- Posibles problemas do grupo.
- Cohesión.

b) Sobre cada suxeito:

- Nivel de aceptación.
- Peso dentro do grupo.
- Nivel de satisfacción de suxeito no grupo.
- Posibles reciprocidades.

Non obstante:

- Non avalía directamente a conduta social do alumnado, só as relacións.
- Nunca permite un diagnóstico psicolóxico do individuo.

2. As preguntas xiran en torno ás variables de:

- Situación de cada alumno/a, en función das eleccións e rexeitamentos que emite.
- Os liderazgos en tarefas escolares, en función das eleccións e rexeitamentos
- Popularidade en tarefas non académicas.
- Liderazgo persoal.

3. *Aplicación e obtención de datos:*

a) Pásase o cuestionario:

- Explícaselle que se lle van a formular unha serie de preguntas acerca de con quen lles gusta máis xogar e traballar.
- As respostas soamente as vai a saber o metre ou mestra.
- Por ilo, deben responder ben, sen mirar aos compañeiros /ase sen preguntar.

b) Realízase un vaciado de datos, elaborando unha matriz por pregunta ou soamente das preguntas que nos interese:

- Podemos consignar a 1ª e 2ª eleccións unicamente (cun 1 e un 2), ou, se nos parece moi complexo, utilizar soamente a 1ª elección. De todo os modos, é importante ter en conta eleccións e 2º lugar e en 3º á hora de valorar as relacións dun determinado neno ou nena.
- Poderemos utilizar unha única matriz para as eleccións e rexeitamentos dun

aspecto (unha + para elección e un – para rexeitamento).

Con isto, teremos unha primeira aproximación sobre que persoas son as máis elixidas, cales as menos, posibles eleccións mutuas, illados...

c) É interesante efectuar unha representación gráfica de cada matriz:

- utilizando algún tipo de simboloxía, como a que se ofrece en folla aparte.
- procuraremos situar aos máis elixidos no centro.



GUÍA PARA A ANÁLISE DO SOCIOGRAMA

1. Dos resultados obtidos, que esperabamos e que non esperabamos?
2. Que nos pode explicar o que algúns sexan moi elixidos e pouco rexeitados?
3. Que nos parece que pode explicar as mutuas eleccións e rexeitamentos?
4. Parécenos líder o suxeito que aparece no sociograma?
5. Por que determinado suxeito ten tantos rexeitamentos?
6. As parellas, compórtanse como tales?
7. Os rexeitamentos, son explícitos na aula?
8. Os máis elixidos, destacan na dinámica diaria da clase?
9. Hai algo en común entre os máis elixidos?
10. Hai algo en común entre os máis rexeitados e non elixidos?
11. Que podemos facer?

COMO AXUDAR AOS ILLADOS

- Alabando o seu traballo.
- Potenciando os aspectos nos que sobresaian.
- Dándolles responsabilidades.
- Favorecendo o seu traballo cos máis populares.
- Analizando as dificultades con eles/as.
- Permitir que traballen cos compañeiros/as que prefiran.
- Xogos de dinámica grupal.



INTEGRACIÓN DE SUBGRUPOS

- Reforzar o liderazgo dos enlaces.
- Actividades que obriguen aos subgrupos a dividirse, de forma que se introduzan novos.
- "Utilizar as" estrelas.

SÍMBOLOS para a representación gráfica


Nenas



Nenos



Elección



Elección mutua

Rexeitamento



Rexeitamento mutuo





CUESTIONARIO (SOCIOGRAMA)

NOME E APELIDOS : _____

1. Quen son os tres nenos ou nenas da clase cos que máis che gusta xogar?

Por que che gusta xogar con eles ou con elas?

2. Cales son os tres nenos ou nenas cos que menos che gusta xogar?

Por que non che gusta xogar con eles ou con elas?

3. Quen son os tres nenos ou nenas da clase cos que máis che gusta estar na mesa para traballar?

Por que che gusta estar con eles ou con elas?

4. Cales son os tres nenos ou nenas cos que menos che gusta estar na mesa para traballar?

Por que non che gusta estar con eles ou con elas?



5. ADIVIÑA que neno ou nena da túa clase:

- ten máis amigos e amigas: _____
- é máis triste: _____
- a quen queren máis as mestras e mestres: _____
- máis alegre: _____
- que máis axuda aos demais: _____
- que máis sabe: _____
- que menos amigos e amigas ten: _____
- que máis molesta aos demais: _____
- que menos sabe: _____
- a quen menos queren as mestras e mestres: _____



PARTE DE INCIDENCIA

DATA		HORA	
------	--	------	--

PERSOAS IMPLICADAS

--

--	--

DESCRIPCIÓN DOS FEITOS

--

MEDIDAS ADOPTADAS

--

Responsable

Vº e prace. O Director/a

Asdo.

Asdo.



16. Referencias bibliográficas:

- González Lucini, F. (1993) *Temas transversales y educación en valores*. Madrid: Alauda.
- MEC (1992) *Educación para la Paz. Materiales para la Reforma*. Madrid: Secretaría de Estado de Educación.
- Torrego, J.C. & Moreno, J.M. (2003) *Convivencia y disciplina en la escuela: el aprendizaje de la democracia*. Madrid: Editorial Alianza Ensayo.
- Torrego, J.C. & Fernández, I. (2006) *Protocolo de actuación urgente ante conflictos: violencia grave, acoso escolar, disrupción*. Proyecto Atlántida, Consejería de Educación Gobierno Canario.
- Trilla, J. (1992) *El profesor y los valores controvertidos. Neutralidad y beligerancia en educación*. Barcelona: Paidós.